



Nova política e crise da cultura política

Xosé Luís Barreiro Rivas

1.- Unha crise baseada en conviccións

España no seu conxunto, a maioría das Comunidades Autónomas por separado, e moitos dos grandes concellos que se espallan por toda a xeografía peninsular están a piques de darlle forma ás lexislaturas máis estériles dos últimos corenta anos. A razón fundamental e máis visible desta crise é que, rota a alianza sistémica que mantiveron durante moito tempo o PSOE e o PP, e substituídas as súas maiorías suficientes, coherentes e estables por argalleiras coalicións tan só compactadas por un afán de expresión negativa dirixido a desaloxar do poder ao PP, amósase xa, con toda evidencia, un fracaso de xestión e dirección política que, disimulado con vistosas apelacións ao anecdótico e ao simbólico, ten paralizados os proxectos de longo percorrido que impulsaban a

modernización dos espazos urbanos e dos territorios autónomos, e o avance –en termos comparativos sorprendente– dos anteriores modelos de xestión rexional e local.

Por motivos distintos, xa que no Goberno do Estado segue instalado o PP, España enteira atópase nun preocupante período de paralización política, debido á febleza e incoherencia dos poucos acordos que se acadan, e na vontade omnipresente de demostrar que as claves da gobernabilidade herdadas da transición xa non funcionan, aínda que por ningunha parte se albisca a existencia efectiva de claves alternativas. A chamada vella política está paralizada pola fragmentación electoral e ideolóxica do parlamento e o abandono popular e institucional dos hábitos políticos anteriores. E a nova política non pode substituír á vella porque carece dun plan compartido

pola pluralidade crecente das forzas políticas, pola ruptura dos convenios preexistentes sobre a realidade do país e sobre as estruturas descentralizadas do poder, pola inexperiencia e feble cultura política da clase política emerxente, e porque o acordo social constrúese claramente en clave negativa, suficiente quizais para desaloxar ao PP do poder, pero a todas luces insuficiente para encomendarlle o poder a unha alternativa viable e consolidada.

Se a isto lle engadimos que unha parte da desafección responde a cambios retóricos, e en case nada a cambios de posición dos electores, atopámonos con que a evidencia dunha forte crise de gobernabilidade no se corresponde con demandas claras e concretas que puideran satisfacerse con razoable facilidade e celeridade. E por iso cabe supoñer que estamos ante unha crise provocada pola quebra dunha cultura política determinada, e que a súa substitución por outra nova política, baseada nunha hipotética nova cultura só se vai producir despois de moito tempo e tras pasar por graves crises de gobernabilidade que acabarán afectando ao polo de agora

intacto sistema de organización política e social.

Aínda que esta afirmación tería que ser matizada, pode dicirse que en España se da a paradoxal situación de que, non tendo neste intre ningún problema que comprometan seriamente a súa estabilidade económica e social, nin pareza que a súa paz civil estea nin sequera remotamente ameazada, estamos seriamente ameazados por unha crise de sentimentos, indignacións e desafeccións que, asentada sobre supostos abstractos e dificilmente formulables e consensuables, compromete realmente o funcionamento do sistema, mentres un déficit significativo de cultura política e de responsabilidade mediática nos achega cada vez máis aos riscos do populismo e ás tentacións de encomendarlle as solucións ás dinámicas organicistas do caos.

2.- Por que falamos de cultura política

A crise actual da democracia evidenciase nun paradoxo que poderíamos enunciar nestas poucas verbas: a sociedade mellor formada de toda a his-

toria da humanidade presenta no entanto unha abraiante falla de cultura política que pon en risco a saúde das democracias máis avanzadas, e que, mediante a *trampa das expectativas*¹, que nos permite compararnos coas nosas utopías en vez de facelo coa realidade social que habitamos, xera un estado de indignación e desafección que prima as receitas milagreiras sobre os discursos racionais de políticos e xestores do interese público. Para que tal paradoxo poida formularse así, é necesario establecer e assimilar a enorme diferenza que existe entre o concepto xeral de cultura – como conxunto de coñecementos, costumes, formas de vida e grao de percepción artística que define a capacidade crítica dunha persoa ou a identidade dunha época ou dun grupo social– fronte ao concepto estrito de cultura política, entendida –de acordo con Almond e Ver-

ba– como «*orientacións e actitudes especificamente políticas cara o sistema político e os seus diferentes elementos, e actitudes cara o papel dun mesmo dentro do sistema*»².

Sobre este marco teórico, que nesta crónica asumimos como base para a reflexión, é posible definir unha situación na que certos actores políticos, que en termos xerais son moi cultos, sexan, posúan, no entanto, unha cultura política moi deficiente, que faga moi difícil e conflitiva, ou anule directamente, a capacidade do sistema para dar satisfacción á demanda dos cidadáns. E se eu tivera que sinalar un punto crucial desa incultura política no mundo de hoxe, especialmente vinculado aos sistemas mediáticos e ás redes sociais, sería o concepto de Goberno, ou de gobernar, no que está implicada a deficiente concepción do pluralismo, da democracia e da separación de poderes que se percibe en amplos sectores de opinión das democracias máis avanzadas.

1 O concepto de «trampa das expectativas» foi formulado polo politólogo Stephan Medvic, para referirse á enorme disparidade que existe nas democracias avanzadas entre o que os cidadáns esperan dos seus políticos o que estes realmente lles poden ofrecer. Dita trampa deixa *espídos* aos políticos diante da indignación –non necesariamente racional– dos seus electores.

2 ALMOND, G. A. - VERBA, S. (1963): *The Civic Culture: Political Attitudes and Democracy in Five Nations*. Princeton: Princeton University Press, p. 13.

No contexto dos enfoques condutistas que revolucionaron a Ciencia Política a principios do século XX, e como consecuencia da definición da política establecida por David Easton como as respostas dadas ás necesidades sociais dentro dun marco valorativo de común aceptación —«*authoritative allocation of values*»³—, correspóndelle ao politólogo C. Anderson o mérito de ter vinculado a acción política á realización do binomio proposta/recursos que caracteriza ao feito de gobernar: «*A política implica unha organización e planificación dos proxectos comúns, fixar regras e normas que definan as relacións entre unhas e outras persoas, e asignar recursos ás diferentes necesidades e desexos humanos*»⁴. O que vén a dicir Anderson é algo tan sinxelo como que a política, na súa vertente goberamental, está esencialmente ligada á coherencia indestrutible entre os fins e os recursos que son necesarios para acadar ditos fins, e que cando as demandas

ou as promesas se formulan fóra dun marco de desenvolvemento realista, constitúen unha manifestación degradada da democracia e da propia política. E isto, nos tempos que corren, sóanos, ou debería soarnos, a un andazo de populismo que as opinións públicas das sociedades occidentais máis opulentas non acertan identificar co risco máis importante que corren a nosa liberdade persoal e os nosos sistemas democráticos.

3.- En que consiste a acción de gobernar

O concepto de goberno que manexamos dun xeito vulgar e cotián está anticuado, e segue pegado á idea de política como pura ciencia de poder que foi dominante ata o século XIX. E para entendela así basta botarlle unha ollada aos dicionarios para ver como o concepto de goberno que manteñen vivo as correspondentes institucións que os elaboran en ningún caso condicionan o feito de gobernar a unha función esencialmente democrática —participada, veraz e realista— de tan vertebral expresión política. Para a RAE, que destaca dúas acepcións,

3 EASTON, D. (1965): *A Framework for Political Analysis*. Englewood Cliffs: Prentice-House.

4 ANDERSON, C. (1977): *Statecraft: An Introduction to Political Choice and Judgment*. New York: John Wiley, p. VII.

governar é «*mandar con autoridade o dirixir algo*», ou «*dirixir un país o una colectividade política*», sen poñer máis condicións esenciais que o feito de ter ou controlar o poder.

Para a RAG, o significado de gobernar é «*Dirixir [unha colectividade, especialmente un país ou nación] por medio de leis ou disposicións*», sen tampouco implicar necesariamente ningún xeito de relación participativa ou lexitimadora coa sociedade gobernada. E o dicionario de Oxford, exactamente na mesma liña, define o feito de gobernar como «*Conduct the policy, actions, and affairs of (a state, organization, or people) with authority*». Para a Ciencia Política actual, esencial e conceptualmente vinculada ao feito democrático, deberían declararse como incorrectas estas definicións, que en nada axudan a xerar unha idea da política definida pola lealdade entre os diferentes actores, pola realista funcionalidade do sistema, e pola recta e pura coherencia entre o que se decide e pode facer en nome do ben común. E por iso advertimos aí unha grave eiva da cultura política que alimenta a través da trampa das expecta-

tivas unha crecente e ofuscada indignación contra os sistemas.

O curioso —ou portentoso?— é que esta visión das cousas, que se iniciara en pleno Renacemento, cando Maquiavelo convertera o poder na materia prima da política e no obxectivo fundamental da Ciencia Política, non estaba completamente fóra da mentalidade medieval, que a esta hora se nos antolla unha visión máis adiantada da política que no século XV se puxo ao servizo da construción e estabilización dos Estados por parte das monarquías absolutas. As verbas de San Tomé de Aquino soan neste punto a unha avanzada concepción da sociedade política e do poder que debía rexela: —«*O que ten a misión de dirixir [a sociedade] a un fin, tamén ten o deber de dispoñer e facilitar todos os medios que conduzan a el, do mesmo xeito que o capitán dun buque lle indica como ten que construílo coas mellores condicións para navegar, ou como aquel que usa armas prevén ao armeiro cales son, e de que clase, as que mellor lle conveñen*»⁵.

⁵ *De regimine principum*, Lib. I, Cap. XIV. Edición de León Carbonero y Sol, Sevilla: 1861, p. 90.

4.- Sobre que alicerces se pode restaurar a cultura política

A idea de que os fins da política teñen que ser coherentes cos medios dispoñibles e cos que efectivamente son empregados, e de que teñen que primar as demandas socializadas por consensos estables sobre as que se basean nunha perspectiva individualista do benestar e a liberdade, foi esencial na construción da Ciencia Política do século XX e nos avances sobre as formas de estruturar, estender e estabilizar as democracias que cambiaron radicalmente a concepción dos poderes políticos a partir da Segunda Guerra Mundial. E por iso resulta difícil de entender –salvo que recorramos a un déficit absoluto de cultura e experiencia histórica e de cultura política– por que as ilustradas masas de votantes ilustrados que conforman as sociedades occidentais do século XXI se perden con tanta facilidade na *trampa das expectativas* –que esixe aquilo que non se pode acadar, ou para o que non existe un consenso acaído de asignación de recursos–, ou por que disolven o requisito fundamental da democracia e

dos sistemas que as gobernan –«*authoritative allocation of values*»– nun labirinto de demandas individualizadas que, por non ser globalmente xestionables, abocan ás diversas formas de populismo baseadas na desafección aos sistemas.

A España de hoxe, medida con criterios obxectivos, dista moito de ser un país feble e desastroso, e fica moito máis cerca dos mellores que dos medianos e peores. Pero esta mesma España medida –como está de moda– a través de percepcións e sentimentos persoais –onde cada enquisado adoita excluírse da miseria que testemuña–, resulta un país noxento, suma de *posverdades* e *trampas de expectativas* que orden un relato destinado a cuestionar o sistema e a crear unha vía alternativa e claramente espuria de acadar o poder e reiniciar –como resposta a unha esixencia non confirmada nin concreta– unha nova democracia, sobre un novo sistema e para un novo país. E esa é a crise que non podemos resolver, porque, se ben podemos acadar consensos para destruír o sistema actual, estamos a anos luz de definir unha nova «*authoritati-*

ve allocation of values», de xerar partidos ou maiorías pluripartidarias capaces de compartir a definición e os obxectivos da nova realidade, e de cambiar o relato indignado que alimenta a indignación por unha visión realista e abordable dos problemas —algúns graves, pero todos normais— que debemos afrontar e resolver.

5.- A perspectiva galega desta crise

A situación en Galicia, que parece mellor, é, no entanto peor. Porque aquí segue habendo un consenso social que permite que o sistema da transición funcione con normalidade, con maiorías de goberno moi estables, e con alternativas pluripartidistas que, a pesar de ser internamente moi febles, non están rexeitadas a priori polo electorado. Pero, dado que o relato dominante en Galicia é o do Estado, e ao non existir o contexto de ingobernabilidade que lle da aparencia de racionalidade ao discurso da oposición e ao derrotismo mediático, toda a dialéctica parlamentaria entre Goberno e oposición frisa no absurdo, resulta incom-

prensible para a cidadanía, e crea un sensación de artificio crítico máis feble e labiríntico que o do propio Estado. Porque, mentres que no resto de España é evidente a existencia dun problema real de gobernabilidade, aínda que se asente sobre un relato extorsionado do contexto político, sucede en Galicia que o contexto de ingobernabilidade sobre o que pilota o discurso de oposición é completamente falso, e que os argumentos referidos á necesidade de mudar un sistema que se considera varrido pola indignación derivada da crise, da corrupción e da desigualdade constitúen un suposto que, de ser certo, afectaría seriamente ao PSOE e ao BNG, os dous partidos clásicos seriamente tocados polo desgaste electoral e pola imposibilidade de reproducir a mesma coalición gobernante que foi, pero non ao PP, que con maiorías continuas e reforzadas desminte para a Comunidade galega as profecías de crise sistémica e de colapso de modelo da transición que se aplica —sen moitos matices— no resto de España.

6.- A compoñente crítica que xorde do PSOE

Non é a primeira vez que digo –tamén nesta crónica– que, vista en ampla perspectiva, a crise sistémica que padece España é plenamente identificable coa crise do PSOE, xa que é a incompresible deriva estratéxica deste partido a que non permite asentar as opcións de goberno que veñen pola dereita, e a que converte en incoherentes, febles e inestables as posibles coalicións xurdidas do propio Partido Socialista en aberta cooperación cun pluralismo partidario que se estendería a populistas, independentistas, neoliberais, comunistas e oportunistas. Se o PSOE aproveitase as primarias para restaurar a súa cultura política tradicional, España sería perfectamente gobernable, e as novas políticas pasarían a ser puramente testemuñais dunha crise de credibilidade do sistema xa pasada pero mal curada. Pero se o PSOE se empeña en guiarse polas ambicións de poder, en lugar de facelo pola fidelidade ás súas conviccións e ás políticas de moderación europeístas

e patrióticas, a inestabilidade funcional dos gobernos abranquará á esquerda e á dereita, e toda a panoplia de acordos puntuais que puideran facerse mediante estratexias curto-placistas só servirían, como xa está sucedendo, para cuartear aceleradamente o sistema e facelo radicalmente ineficiente.

Con estes antecedentes pode dicirse que o resultado das eleccións primarias celebradas polo PSOE o pasado 21 de maio, que elixiron secretario xeral –outra vez– a Pedro Sánchez, que lle deron carpetazo, quizais definitivo, á revisión estratéxica proposta por Susana Díaz (Sánchez logrou o 50,21 % dos votos, Díaz o 39,94 %, e Patxi López o 9,85), supoñen, cando menos, unha notable aceleración das propostas e estratexias dunha esquerda unida polo populismo e pola fobia radical contra as alternativas conservadoras que, ademais de presaxiar unha grande inestabilidade do Goberno, e un respiro lamentable para as posicións secesionistas de Cataluña, vén a demostrar que a visión que teñen os cidadáns sobre a crise e as súas consecuencias está claramente dominada por unha actitude indignada e

pesimista que modificou profundamente as expectativas de comportamento do electorado e derogou unha parte substancial dos consensos sociais sobre o que descansaba o sistema, de onde pode deducirse un agra-

vamento e prolongación da crise sistémica que vai manter os seus efectos moito máis alá do que podía facelo a crise social e económica.

Xosé Luís Barreiro Rivas